

Medio ambiente, si; viabilidade económica, tamén

Os agricultores e gandeiros levan séculos coidando da contorna rural, de xeito que moitas das paisaxes das que goza a cidadanía non serían posibles sen a súa histórica actuación e presenza, ao tempo que producen alimentos de calidade.

Moitas das paisaxes das que goza a cidadanía non serían posibles sen a actuación de agricultores e gandeiros

Somos conscientes de que algunhas prácticas actuais poden causar danos ao medio ambiente pola emisión de gases efecto invernadoiro.

Comprendemos que os estados que conforman o planeta se comprometan a reducir as emisións, e que a gandería e o agro deban colaborar nesta tarefa co apoio da sociedade, para a cal conservamos a calidade da paisaxe, da natureza e dos alimentos, pero a preocupación xerada pola inmediata aplicación do artigo 4 do Real Decreto 980/2017 para cumprir cos compromisos medioambientais adquiridos por España, provoca moita preocupación e indignación.

Ninguén pode cambiar, a pouco máis dun mes vista, as normas de acceso ás axudas da PAC para 2018 nos aspectos da condicionalidade medioambiental, facendo na práctica imposible o seu cumprimento. Á parte do elevado custe de cambiar as prácticas actuais de aplicación do xurro como adubo das nosas leiras, facelo en tan pouco tempo é inviable en termos económicos e materiais.

Agricultores e gandeiros non comprenden que, da noite para a mañá, cambien a aplicación dos xurros sen un amplo proceso de explicación e divulgación, sen unha planificación a varios anos, e sen os necesarios apoios económicos aos afectados

Os agricultores e gandeiros non comprenden que, da noite para a mañá, cambien a aplicación dos xurros sen un amplo proceso de explicación e divulgación, sen

unha planificación a varios anos e sen os necesarios apoios económicos aos afectados. Como toda normativa que supón un cambio nos usos e costumes, debe vir acompañada dun prazo razoable de cumprimento e aplicación realista.

A aplicación dos xurros como adobo en agricultura é o principal método para a súa valorización, xa que o aforro polo bo uso dos xurros galegos equivale á carga dun gran superpetroleiro, sen contar co seu custo económico e o impacto medioambiental de transformar o petróleo en adobo.

Nos casos en que os gandeiros non dispoñen de terreo para aplicar os xurros (de gandería intensiva, principalmente), a entrada en vigor da norma pon en risco os acordos que estes gandeiros poidan ter con agricultores, polo medo destes a perder axudas. Estes gandeiros tamén terán problemas ao non ter alternativas tras o desmantelamento das plantas de tratamento de xurro.

O sector debe contar cun amplo período transitorio que permita a adaptación á nova norma e multiplicar o orzamento de axudas para CUMAs e para seccións de maquinaria de cooperativas

O sector debe contar cun amplo período transitorio que permita a adaptación á nova norma. Non podemos deixar a execución de tan importante cambio normativo de aplicación do xurro ao criterio e valoración descendente de inspectores e controladores da PAC.

O período transitorio debe vir acompañado dun compromiso orzamentario do conxunto da sociedade, beneficiaria deste esforzo, por mellorar o medio ambiente e o cumprimento dos obxectivos e acordos internacionais. Neste senso, necesítase multiplicar o orzamento de axudas para CUMAs e para seccións de maquinaria de cooperativas coa finalidade de chegar pronto a moitos gandeiros cos novos aplicadores de xurro.

Por tanto: medio ambiente si; pero viabilidade económica das explotacións gandeiras, tamén. Ademais, mal que pese, ambas as dúas cousas van estreitamente unidas.

COORDINACIÓN Rosa Vázquez Segade. **REDACCIÓN, ADMINISTRACIÓN E PUBLICIDADE AGACA** Rúa Tomiño, 22 Entrechán, 15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA) T: 981 584 783 **CONSELLO DE REDACCIÓN** Higinio Mougán Bouzón, Rosa Vázquez Segade, Mario Fdez. Redondo, Loli Couso Costa, Carlos Ares Fernández, Ruth Rodríguez Ferreiros, David Vila López, Esperanza Otero Pérez, María Rey Campos. **CONSELLO REITOR AGACA** **Presidente** José S. Montes Pérez. **Vicepresidente** José M. López Tellado. **Secretario** Emilio Rodríguez Felipe. **Tesoureiro** Javier Iglesias Sendín. **Vogais** Rafael Tejeda Vázquez, Alberto Amil Chaves, Dolores Calvo Méndez. **Xerente** Higinio Mougán Bouzón **IMPRESIÓN GRÁFICAS GARABAL, S.L.** **TIRADA** 7.000 exemplares **Dep. Legal:** C-752/90 AGACA non se identifica necesariamente coas opinións e contidos publicados neste número.